

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

EXTRACTO da Orde do 27 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas privadas que se dediquen á elaboración de rocha ornamental, en réxime de concorrència non competitiva, para a loita contra as enfermidades profesionais, especificamente as que poidan derivar dunha exposición prolongada ao po, na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento IN317B).

BDNS (Identif.): 547158.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Empresas privadas con centros de traballo de elaboración de rocha ornamental localizados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que a subvención solicitada teña por obxecto mellorar as condicións laborais nos ditos centros de traballo localizados na Comunidade Autónoma de Galicia.

En calquera caso, para os efectos de esta orde, considéranse actividades de elaboración de rocha ornamental aquelas actividades incluídas na sección C e, en concreto, na clase 23.70 do CNAE.

Para os efectos do disposto nesta orde, considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas os empresarios persoas físicas que exerzan actividades a título individual ou familiar, así como as sociedades de persoas que exerzan unha actividade económica de forma regular.

Segundo. *Obxecto*

Aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de axudas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ás empresas que se dediquen



á elaboración de rocha ornamental, así como a súa convocatoria para o ano 2021, que teñen por obxecto incentivar a aplicación de tecnoloxías innovadoras e a implantación das mellores técnicas e medidas organizativas dispoñibles para a loita contra as enfermidades profesionais, especificamente as que poidan derivar dunha exposición prolongada ao po, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Inclúense no anexo I da Orde do 27 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas privadas que se dediquen á elaboración de rocha ornamental, en réxime de concorrencia non competitiva, para a loita contra as enfermidades profesionais, especificamente as que poidan derivar dunha exposición prolongada ao po, na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento IN317B).

Cuarto. *Contía*

O crédito destinado a esta convocatoria é de 300.000,00 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes e comezará o décimo quinto día hábil posterior a aquel en que se publique esta orde no DOG, e concluirá, no mes de vencemento, o día ordinal anterior ao día en que comezou o prazo.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2021

Francisco José Conde López
Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía,
Empresa e Innovación

